

# A candidatura de Betanzos á sede da Real Audiencia de Galicia no século XVIII

XAN MIGUEL GONZALEZ FERNANDEZ \*

Quizais un dos máis importantes problemas políticos que aconteceron na Galicia do Século das Luces, foi o proxecto de trasladar a sede da Real Audiencia de Galicia, organismo que ostentaba a máxima representación real dentro do reino. Dende avanzado o século XVI esta institución ficaba na cidade da Coruña, onde permanecería deica a súa desaparición, mais a medidada da decimoctava centuria xurdiu a idea de buscarlle un novo lugar de residencia; as miras dos Alcaldes Maiores estaban postas na capital compostelana, o que vai provocar un enfrentamento interno que non só porá de manifesto os intereses dos máis sinalados poderes do Antigo Réxime —real, señorial e municipal—, senón tamén o complexo sistema de alianzas establecido, e a postura da Coroa, que non dúbida en sacrificar as súas aspiracións absolutistas ante calquera perigo que ameaze as bases que sustentan ó réxime. Detrás de todo isto escóndese a loita secular que no ámbito político manteñen a Real Audiencia, sempre pronta a fortalecerse como institución baixo o amparo real, e a omnipotente Dignidade Arcebispal, quen se aferrará ás prerrogativas que foi acumulando ó longo da historia; no medio están uns concellos controlados pola fidalguía local, que actúan según os acontecementos, tentando tamén defender o seu poderío, e aínda incremental; e por riba de todos eles unha Coroa que non é capaz de resolver dun xeito satisfactorio as contradicións internas do réxime político que a sostén. (1).

## OS ANTECEDENTES

Dende que a Real Audiencia de Galicia escomenzou a consolidarse como entidade institucional (2), e máis concretamente a partires das primeiras décadas do século XVI, aínda a pesares do seu carácter itinerante, derivado da súa orixinaria finalidade pacificadora, caracterizouse por manter unha postura abertamente hostil fronte á Dignidade Arcebispal compostelana, especialmente virulenta nos períodos que ficaba na cidade do apóstolo. Esta loita estaba sostida por unha situación de ambigüedade no que respecta ás capacidades xudiciais e políticas destes dous grandes poderes, produto da coincidencia cun momento no que os organismos reais —Real Audiencia— e señoriais —Asistente, e aínda o Concello de Santiago— atopábanse nunha fase embrionaria que sentará as bases das súas respectivas potestades para o resto da Edade Moderna (3). As disputas sobre competencias entáblanse ó máis alto nivel, establecéndose unha alianza tácita entre o concello compostelán e a Real Audiencia, posto que o primeiro tiña entablado un longo contencioso co fin de se liberar da tutela do señorío arcebispal; mais éste contará co apoio da Coroa, materializado nas sucesivas sentencias dos altos tribunais rexios, que sempre lle eran favorables, salvagardando as prerrogativas que a monarquía lle concedera noutras épocas, e por esa vía conquerría o seu principal obxectivo, que non era outro que asegurar a súa alianza política.

O traslado da Real Audiencia á cidade herculina, onde quedou asentada definitivamente, por medio dunha real provisión de Felipe II, dada no ano de 1563 (4), trouxo como consecuencia unha campaña desatada polos membros dese tribunal, pretendendo voltar á urbe xacobeá. Esta polémica extendeuse infructuosamente dende o 1574 ata 1612, dun xeito paralelo ás xa indicadas disputas sobre capacidade xudicial (5). Este primeiro momento pecharase co escomezo da etapa económica depresiva da primeira metade do século XVII, que impuxo unha redución dos ingresos, tanto por rendas como por dereitos de xusticia, de onde procedía o caudal destinado ó pago dos

(\*) Xan Miguel González Fernández é de Vigo (Pontevedra), licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago, profesor de ensino medio e membro de diversas sociedades de investigación.

(1) O presente traballo está baseado nun apartado da tese de licenciatura do autor: *La justicia señorial en la Galicia del siglo XVIII: El tribunal del Asistente de Santiago y la audiencia de Bouzas*. Santiago, 1984, pp. 103-112. Un pequeno resumo pode verse en MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, E.—«Santiago». En, *Gran Enciclopedia Gallega*, N.º 435. Santiago, 1985, pp. 36-44. A documentación consultada pode atoparse en: Archivo Histórico Diocesano de Santiago; Servicos Públicos, N.º 488, pezas I-III; e Arquivo Municipal de Santiago; Consistorios, 1739, 1747, 1748, 1775 e 1794.

(2) Sobre este aspecto vid.: EIRAS ROEL, A.—Sobre los orígenes de la Audiencia de Galicia y sobre su función de gobierno en la época de la Monarquía absoluta. En, *Anuario de Historia del Derecho Español*. Madrid, 1984, pp. 323-384.

(3) O documento fundacional da Real Audiencia de Galicia recolle unha ordeanza, pola cal ésta detenta a xurisdicción civil e criminal na primeira instancia, no lugar onde ficase e a cinco léguas ó redor. Como consecuencia do seu carácter itinerante, esta institución tiña a facultade de coñecer as causas que pendían ante as xusticias ordinarias da localidade, ademais podía coñecer ou remitir as causas a onde considerase oportuno, fosen xusticias ordinarias ou non (FERNÁNDEZ VEGA, L.—*La Real Audiencia de Galicia. Órgano de gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)* A Coruña, Diputación, 1982. Tomo I, p. 253).

Por unha concesión real do ano 1509, a Dignidade Arcebispal adquire a facultade de vulgar en segunda instancia as causas procedentes das súas propias xusticias ordinarias, podendo só coñecer a Real Audiencia os litixios procedentes deste organismo; para elo instituíuse a figura do Asistente ou Xusticia Maior de Santiago e o seu Arzobispado, detectándose a súa actividade como ente autónomo a partires de mediados do século XVI (A.H.D.S.); Serie Xurisdiccional, N.º 109, s.f.).

(4) LAURA FERNÁNDEZ VEGA coída que significou o triunfo do criterio de defensa do Reino sobre os restantes que se esgrimían *La Real Audiencia de Galicia...*, opus cit. T.I, pp. 128-131).

(5) Para coñecer mais de miúdo estas polémicas vid.: FERNÁNDEZ VEGA, L.—*La Real Audiencia de Galicia...*, opus cit. T. II, pp. 133-145.

costosísimos e prolongados litixios na Chancillería de Valladolid, e aínda na Cámara de Castela (6).

O clima creado polos enfrontamentos queda patente na opinión que a Real Audiencia lle merecía a un Visitador arcebispaal compostelano de comezos do século XVII:

«Tratan las cosas deste Reino con demasiada soberanía e imperio, y así se hacen temer y adorar no sólo por la gente plebeya, sino de la nobleza, que con ser tan grande la deste Reino, la estiman en poco: Y junto toda la gente desta Audiencia con la que hay de guerra y los pleiteantes que van y vienen, y los oficiales y ministros, causan miedo a los enemigos más que si hubiera tres mil soldados en la ciudad, digo, más que si hubiera diez mil». (7).

## A CIDADE DE BETANZOS NO SECULO XVIII

A urbe betanceira ó longo do Antigo Réxime coñeceu un case contínuo crecemento demográfico, de xeito que durante os séculos XVI e primeira metade do XVII oscilou entre 500 e 600 veciños, para situarse no 1752 nos 920 veciños (uns 3.700 habitantes). A xurisdicción de Betanzos comprendía ademais das dúas parroquias da cidade, outras 54 dos contornos, que tamén sufriron un aumento da poboación ó compás da conxuntura; así, nos comezos do século XVII comprendía uns 2.100 ferigreses, que nos anos centrais do Século das Luces pasarán a máis de 4.300, e tra-la crise da segunda metade da centuria situábanse en 4.050 veciños.

Ademais Betanzos era capital dunha das sete provincias galegas do Antigo Réxime. A súas terras ocupaban 2.433 Km.<sup>2</sup>, colocándose no posto central dentro do Reino; o conxunto da poboación pasou de representar o 7,4% do total no 1752, a un 10,2% a finais, gracias ó impulso que supuxeron os asteleiros ferroláns.

A estrutura socio-profesional da cidade queda reflexada no seguinte cadro elaborado a partires dos datos do Catastro de Ensenada:

<i>GRUPO SOCIO-PROFESIONAL</i>	<i>N.º DE VECIÑOS</i>	<i>% DO TOTAL</i>
Artesáns.....	326	35,5
Labradores e xornaleiros.....	247	26,9
Sector terciario.....	142	15,4
Mercaderes.....	56	6,1
Fidalgos.....	56	6,1
Clero.....	34	3,7
Mariñeiros.....	22	2,4
Sen oficio coñecido.....	36	3,7

Disto dedúcese que Betanzos era unha urbe moi tradicional, semellante na súa estrutura a outras moitas da mesma época, como o demostra que artesáns e campesiños representen máis do 60% da poboación activa, mentres que a burguesía comercial é bastante reducida. A pesares do seu antigo carácter realengo, a cidade de Betanzos sempre estivo moi vencellada á pequena nobleza ou fidalguía, e nela tiñan solar o Conde de Lemos (e de Andrade), os Vilousás, os Lanzós, os Pardo, etc.

Da súa riqueza danos cumprida conta a comezos do século XIX, o membro do Real Consulado da Coruña Lucas Labrada:

«...su situación es muy agradable, y la campiña produce trigo, maíz, castañas, vino y otros frutos de la mejor calidad, hallándose así ésta como la de las feligresías y aldeas inmediatas muy aprovechadas, y perfectados todos los terrenos: aun los pocos que en ella aparecen incultos, tienen su destino a maleza para leñas y abonos indispensables, a efecto de que las tierras fructifiquen y se adelante la cultura, la cual va en aumento. La industria de lienzos del país está aquí bastante extendida; las mujeres de la ciudad se dedican también a hacer pan, para traerlo a vender a La Coruña en los días de mercado, al cual asimismo concurre buen número de zapatos construidos en aquel pueblo.


En el mismo y sus inmediaciones hay tres fábricas de curtidos de cueros de Buenos Aires y del país, que van generalmente progresando... manufacturas que además del consumo del país, sirven para extraer al Ferrol, La Coruña y otros puertos; a los cuales se despachan también allí vinos, tablazón y otros productos del país. Los pescados de toda la ría son muy especiales, y la sardina que se coge por los matriculados de Betanzos asciende en año común a veinte mil millares». (8).

Destá descripción dedúcese que as terras betanceiras producían con bos rendementos unha grande e variada cantidade de comestibles, que en ocasións eran exportados a cidades veciñas ou

(6) Sobre a conxuntura económica galega pódese consultar: EIRAS ROEL, A.— Producción y precios agrícolas en la Galicia atlántica en los siglos XVII-XVIII. Un intento de aproximación a la coyuntura agraria. En, *1.º Congreso de Historia Rural*. Madrid, 1983, pp. 393-413.

(7) DEL HOYO, G.— *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago, 1607 (Reed. Santiago, 1959), p. 219.

(8) LABRADA, L.— *Descripción económica del Reino de Galicia*. O Ferrol, 1804 (Reed. Vigo, 1971), pp. 36-37.



Mapa da xurisdicción de Betanzos según o Nomenclator de Floridablanca (1787). A irregular distribución do territorio é unha herdanza das discontinuas donacións reais durante a Idade Media e, á vez, unha situación típica da estrutura política da época

lonxanas. Esta visión da riqueza, exceptuando as manufacturas de coiros que se instalaron pouco antes de 1800, coincide coa que nos ofrece o cardenal Gerónimo del Hoyo, a comezos do século XVII (9).

Para rematar, a estrutura de poder municipal residía no concello, composto por oito rexidores venais e presidido por un correxidor de designación real, quen ademais impartía xusticia nas parroquias da extensa, aínda que discontinua, xurisdicción betanceira, dende a Edade media.

En resume, Betanzos e as súas Mariñas ofrecían a mediados do século XVII as condicións idóneas para poder optar á sede da Real Audiencia de Galicia, aspiración que só será truncada por complexas motivacións políticas de orden interno dentro do Reino.

(9) «Esta ciudad es muy abastecida de carnes y de caza, porque además de las que hay en su término, como hay alfolies de sal en ella acuden por ella los vecinos de todo el contorno y estos que vienen por sal y por pescado traen carneros, terneras y todo género de caza. Pan se coge raxonablemente entre las viñas y en las aldeas de las montañas se coge mucho trigo y centeno. Vino se coge mucho, porque hay muchas viñas en todo su contorno: Frutas se cogen en grande abundancia de todo género particularmente; pero, camoeça y fada y es tanto lo que se coge, que algunos años se suelen encargar más de cien navíos para Francia, Lisboa y Sevilla y hay hombre, que sin cultivar los árboles coge más de ochocientas millares y algunos de sola su cosecha suelen cargar un navío. Cógese también mucha castaña, nuez, arvejas, habas, lentejas, garbanços y todo género de legumbres y solo falta a esta tierra arrós y aceite y este se suple con las muchas mantecas que tienen» (DEL HOYO, G.— *Memorias del Arzobispado*...., opus cit., p. 288).

## A PRIMEIRA FASE DO CONTENCIOSO

O amparo da conxuntura económica, e tra-lo período de calma que significou o século XVII, o conflito rexurde cos mesmos obxectivos, alianzas e resultados. O primeiro intento comeza no 1735 e xurde dos propios membros da Real Audiencia, os que presentan un primeiro proxecto ó Consello de Castela ó ano seguinte; os Alcaldes Maiores amparaban a súa pretensión no estado ruinoso no que se atopaba o edificio que ocupaba a institución real.

Unha vez plantexado o problema, o gobernador do Consello de Castela, Cardenal Molina, consultara as sete capitais do Reino, requirindo a súa opinión sobre o xeito de solucionar o que se consideraba un grave atranco. A partires dese intre cada cidade defenderá unha determinada postura en función dos seus propios intereses. O concello compostelano optará pola continuidade, ou no seu defecto polo traslado a Lugo, coa excepción do Conde de Priegue, rexidor propietario de designación real, quen propón como sede á mesma urbe xacobeá (10). As cidades de Lugo, Mondoñedo e A Coruña inclinaranse por manter a situación establecida, mentres que Betanzos defenderá a súa propia candidatura. Descoñécese a postura adoptada por Tui e Ourense.

As razóns expostas polo sector continuista, maioritario dentro do conxunto, van ser de moi diverso tipo, mais todas xiran arredor dunhas ideas fundamentais: perxuício económico-demográfico para A Coruña, insuficiente infraestrutura nas restantes urbes e importantes inconvenientes para a realización material do traslado; ademais coinciden en considerar que a cidade herculina está perfectamente dotada en materia de seguridade, fronte a previsibles ataques marítimos. Resulta moi significativo constatar o intento de Santiago, Lugo e A Coruña, posto de manifesto nas súas respectivas representacións, de vincular o futuro desta última co da veciña Betanzos, argumentando que os naturais das Mariñas concurren cos seus produtos a vendelos á Coruña, onde existe unha forte demanda alimentaria, de xeito que quedarían íntimamente vencelladas, e o traslado afectaría moi negativamente á economía betanceira.

O concello de Betanzos recibiu o 10 de decembro de 1738 a inquisa do Cardenal Molina, requirindo a súa opinión sobre o problema das casas da Real Audiencia, debendo remitirlle a contestación nun prazo de dous meses. Os rexidores argumentarán a necesidade de trasladala, posto que a urbe herculina ficaba nun lugar distante para moitas poboacións do Reino, dada a súa excéntrica localización: por ser praza de armas está exposta de cotío a invasións extranxeiras (11); o clima é moi malo, e ademais é un núcleo dependente das poboacións veciñas en canto ó abastecemento. Tui e Ourense son rexeitadas pola súa condición fronteiriza, e Mondoñedo, por atoparse «extraviada» na costa Norte e próxima ó Principado de Asturias; ademais carecen respectivamente de trigo, leña e viño. A cidade de Santiago tamén é desestimada pola cercanía á costa (case foi invadida no 1719, cando o Tribunal do Santo Oficio e outros fuxiron a Lugo); fica nun lugar con grande humidade tanto polos ríos como pola abondosa choiva; e a grande cantidade de habitantes da urbe provocan unha carestía dos materiais de construción e de espazos edificabeis, ademais de non ter oficinas para o arquivo. Para rematar, a capital lucense fica nunha zona montañosa, está lonxana e mal comunicada (o cal afecta, sobre todo, ó comercio), as neboas invádena de cotío e carece dos principais recursos alimenticios.

Unha vez rexeitada a candidatura das devanditas cidades, o concello pasa a expoñer as súas propias alternativas. Escomenza loubando á vila de Melide, da que di:

«La villa de Mellid existe y se alla tierra adentro al medio y en el zentro de este Reyno, cómoda y proporzonada a la distancia de sus siete ciudades y provincias, vezinos, naturales y avitadores de que se componen; desde La Coruña diez léguas, de Betanzos siete, de Tui catorze o dieciseis, de Orense doze, de Lugo siete y de Mondoñedo doze o catorze; goza de buenos aires, aguas de fuentes y río, terreno llano descubierto vañado de el sol y templado, abundante de todos frutos, carnes, bolatería y leña y el bino a seis y siete léguas de la mejor calidad, de pescados marítimos a una jornada...»

Ata agora non podemos atopar unha soa razón obxectiva que explique esta insólita defensa por parte de Betanzos, quen ó mesmo tempo ven de ser a única cidade que presenta a alternativa Melidense. Dende a xuntanza de 1520 co emperador Carlos I nesa vila, ningún fenómeno demográfico, socioeconómico ou político vencella ós dous núcleos; pola contra, Melide forma unha xurisdicción baixo o dominio do Arcebispo de Santiago e polo tanto carece da condición de realenga, mais este aínda non sería impedimento de abondo, se lembramos o obxectivo profundo dos maxistrados da Real Audiencia; pero ademais unha descripción de comezos do século XIX da unha impresión moi diferente á que se leva exposta:

«Mellid, villa dos leguas también al naciente de Arzúa, tiene algunos pilos de curtidos. Las

(10) Na votación do reximento de Santiago, inclináronse por Lugo dous Alcaldes e catro concellais de designación arzobispal e un que non o era; pola Coruña tres e un respectivamente; e indistintamente por calqueira das dúas cidades, o Procurador Xeral, tres rexidores señoriais e un real. Aínda que ausente, o Conde de Priegue manifestou a súa postura favorable á sede compostelana (Arquivo Municipal de Santiago. Consistorios, 1739. 1.º trimestre, pp. 222-231).

(11) Betanzos expón que a praza coruñesa sufriu as invasións inglesas de 1589, 1702, 1719 e 1726; na derradeira se suprimiron tódolos xuícios, enviándose o arquivo ó interior e perdéndose moitos litixios no traslado. Engade que sería moi costoso repara-las casas, para que unha nova incursión as arruinara, e logo voltar a escomenzar (A.H.D.S., S.P., N.º 488, peza III, s.f.).

tierras de su Jurisdicción son montañosas, y sólo producen centeno, poco trigo, mais y lino». (12).

Dentro do campo das hipóteses, a candidatura melidense podería ter sentido dentro dun intento de arrincar a Audiencia da Coruña e poñela máis preto da órbita brigantina, coa plena conciencia de que era unha solución de derradeiro extremo que de seguro endexamais sería tida en conta.

De seguido pasa a argumentar as ventaxas que suporía o traslado deste organismo ó propio Betanzos; o concello expresábase elocuentemente deste xeito:

«Esta ciudad de Betanzos está a la parte de tierra a tres léguas de La Coruña, abundante de todos frutos de tierra y mar, y a moderados prezios, tiene ría nabegable de embarcaciones medianas a mar plena para el comercio, de saludable y favorable temperamento, amenas y deliciosas riveras, camino regular a las ciudades de Lugo, Orense y Mondoñedo desde La Coruña y a las de Santiago y Tui desde Ferrol y La Graña, a cuio puerto y el de La Coruña haze tixera difícil de conquistar su situación mediante el antemural de fortificaciones de La Coruña y Ferrol, ciudad mui antigua y de Jurisdición Real privativa de S(u) M(ajestad), donde pone Correxidor, es capaz de cualesquiera obras y aumento de casas con materiales y maderas en su contorno..., tiene de 600 a 800 dunos y residentes poco más o menos, de todos estados, cátedra de gramática, y estudios de súmulas, lóxica, filosofía y teoloxía moral; tres parroquias, conventos de Santo Domingo y San Francisco, y de monxas agustinas recoletas y una fundación de colexio de guerfanas, para educación de pupilas y ospital que sirve a la curación de pobres enfermos y albergue de peregrinos...»

Ademais destas razóns, o seu parlamento complementábase con algunhas consideracións de tipo militar e político; por unha banda, alegan que ó establecer a súa residencia en Betanzos, o Capitán Xeral do Reino de Galicia, estaría moi preto das prazas militares de A Coruña e do Ferrol (13); dentro da organización política interna, o cargo de Correxidor quedaría en mans dun dos Alcaldes Maiores da Real Audiencia, reducíndose os gastos da monarquía por este concepto; para rematar expoñen moi habilmente que rexeitarían o actual ceremonial que na urbe herculina mantén a Audiencia, adaptándose ó estilo das de Sevilla, Zaragoza e Valencia, xa que o presente ritual supón un menoscabo á autoridade real, non practicándose nin siquera nos Consellos e Chancillerías.

Paralelamente as capitais galegas foron inquiridas sobre o xeito de resolver o problema económico; a postura das distintas cidades vai ser moi variada, de xeito que se propón sufragar a reparación do edificio co importe da próxima visita de escribanos (14) (Lugo e Tui); cargar cunha taxa de 2 réas cada libra de tabaco (Coruña e Lugo); votar man dos arbitrios do Reino (Betanzos e A Coruña); ó traveso do imposto de «Vintecinco Millóns» de Audiencias e Chancillerías (Betanzos); e asumindo un empréstito baixo a responsabilidade das cidades a cargo dos bens dos Quincoces (Mondoñedo). Esta última alternativa, a pesares de ser inicialmente rexeitada pola maioría, por estar aínda pendente o pleito sobre ese fraudulento asunto, vai ser a proposta que rematará impóndose.

Do conxunto de solucións anteriores, habería que salientar a postura das dúas cidades de realengo implicadas, ademais de únicos candidatos á sede, quen dun xeito totalmente insolidario coas restantes urbes, propoñen o uso dos arbitrios, os cales dun xeito maioritario reverten en beneficio das propias facendas locais, motivo polo que foi unánimemente desestimada, coincidindo, por riba, cun período de colleitas mediocres que supuña unha diminución de importantes ingresos municipais (15). Betanzos irá moito mais lonxe con tal de acadar o seu obxectivo, xa que ademais de aducir que alí non cumpría a construción dun edificio pois había varios disponibles, sendo únicamente necesario levantar as dependencias auxiliares (arquivo, cuarteis, etc), a proposta dos «Vintecinco Millóns» revertía en directo perxuicio da Coruña, mentres seguirá sendo sede da Audiencia, mais para a cidade brigantina non supuña ningunha perda, e aínda que así fora, co tempo resarceríase con creces.

## BIPOLARIZACION E SOLUCION DO PROBLEMA

Tras uns anos de calma superficial, durante os cales a cuestión económica estará inmovilizada na Secretaría de Gracia e Xusticia, a onde foi enviada polo Consello de Castela, escomenza a segunda fase, que politicamente pódese considerar como de plenitude. Inaugúrase no ano de 1744, cando o Presidente da Real Audiencia de Galicia, o Conde de Itre, en nome dos

(12) LABRADA, L.— *Descripción económica...*, opus cit., p. 89.

(13) A praza do Ferrol foi expropiada pola Coroa no ano 1733 ó Conde de Lemos, con obxecto de ubicar alí unha grande base naval e uns importantes astelleiros, xunto ca Graña, que foi cedida posteriormente polo mesmo nobre. Para unha maior información vid.: DOMINGUEZ ORTIZ, A.— *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español*. Barcelona, Ariel, 1976., p. 433 e nota 8.

(14) As Visitas de Escribáns durante o século XVIII, eran encargadas a un Xuiz escolleito polo Real Acordo de entre os propios Alcaldes Maiores da Real Audiencia, auxiliado por outros funcionarios desa institución. Cada dez anos visitaban as localidades máis importantes do Reino, fiscalizando a labours dos escribáns, e impoñendo sancións cando atopaban irregularidades; estes caudales pasaban nun principio ós Depositarios Xerais de cada cidade, ou a unha persoa abonada desñada polas mesmas. (GÓNZALEZ FERNANDEZ, J. M.— *La justicia señorial en la Galicia del s. XVIII...*, opus cit., pp. 66-69).

(15) EIRAS ROEL, A.— *Producción y precios agrícolas...*, opus cit., p. 408.

restantes membros da institución renova a xa vella petición (16), contando co apoio do Intendente borbónico, que tamén tiña a súa sede na cidade da Coruña. O momento escollido para levar adiante a nova ofensiva resultou unha hábil manobra política, posto que o cargo de Arcebispo de Santiago atopábase vacante, ó non haberse trasladado á urbe xacobea o recen electo Bispo de Lugo (17).

A reacción das forzas eclesiásticas compostelanas non se fixo esperar, de xeito que primeiramente consolidáronse as relacións entre o novo Arcebispo e o Cabildo catedralicio, e logo marcouse unha liña de actuación que comprendía unha dobre vertente: Conquistar o apoio das principais cidades interesadas en manter a situación vixente ata o momento, Santiago e A Coruña, e máis solicitar a axuda de Lugo e Mondoñedo, e aínda tentar de involucrar a Betanzos, a pesares de que seguía aspirando a ser sede da Real Audiencia. Como consecuencia, o concello compostelano voltará a enviar ó Consello de Castela a representación de 1739, mentres que A Coruña confeccionaba outra nova moito máis extensa, onde se expoñían os inconvenientes xa indicados. Ademais disto comisionou ó rexidor Don Matías Moscoso, deputado da Xunta do Reino de Galicia, para que no seu seo se opuxese ó traslado, máis apoiando a pretensión do Conde de Itre de financiar a reparación das casas ó traveso dos arbitrios, estando a cidade disposta a contribuir por repartimento, nunha soa vez, coa porción que lle correspondía das «Tercias e sextas» do Reino. O apoio á opción compostelana das cidades de Tui e Ourense, respondería máis que a un plantexamento político, ós perxuicios de orde económico que a anterior solución íalle ocasionar.

O outro marco de acción establécese na corte madrileña, onde o activo axente arcebispal Don Francisco Berzú, tentará conquistar un veredicto favorable do Consello de Castela, para que o Rei dictaminase en contra do traslado. Envióuselle unha carta a cada un dos conselleiros, buscando que favorecesen a súa postura, e dese xeito contrarrestar as xestións persoais que estaba a realizar o Conde de Itre. Despois dun empate inicial, unha segunda votación no Consello foi favorable ás teses do Arcebispo (decembro de 1745).

O Presidente da Real Audiencia e Capitán Xeral do Reino volta a presentar o tema ante o Consello no 1747, comezando o segundo momento desta fase. Agora tódolos esforzos concéntranse na Corte, voltándose a remitir novas cartas, onde se expoñían os perxuicios que o traslado suporía para as prerrogativas xurisdiccionais do Arcebispo, e sinalándose varias solucións ó problema económico. Tentouse conquistar especialmente a axuda do Gobernador e do Fiscal «do criminal». Paralelamente recórrese a métodos máis directos, como ás visitas persoais que lles fixo o axente ós conselleiros, á entrevista co Inquisidor Xeral, quen prometeu tentar de que o Gobernador acelerase os trámites da causa, e ós consabidos sobornos a algún funcionario (18); todo elo dentro dun clima cheo de rumores. Isto non supuxo abandonar a política de apoio das cidades interesadas, repetíndose a representación compostelana de 1745, e realizando outra nova unha comisión de salientados persoeiros coruñeses.

A pesares de todo este deplegue de medios, a solución vai vir por outra vía ben distinta. En agosto dese ano, a propiedade dos edificios que ocupaba a Real Audiencia, Doña Xosefa Montes, conquiriu que se ordenase ó Intendente, Don Xosé Avilés, o envío dalgúns enxeñeiros que valorasen os desperfectos, así como que abonasen os alquileres atrasados. O asunto pasou pola vía privada da Secretaría de Estado ó Marqués de la Ensenada, quen decidiu que a Real Audiencia continuase na Coruña. Con anterioridade conquirírase un dictame favorable do Fiscal do Consello de Castela. Por un Real Decreto de 1748, ordénase a reparación das devanditas casas, baixo a dirección do enxeñeiro Don Xan Vergel; as obras financiaríanse cun imposto de 1 maravedí por cada azumbre de viño, durante o tempo que fose mester; ademais habería que cubrir o importe dos alquileres adeudados e un préstamo de 10.000 reás que a Real Facenda lle concedera o ano anterior. Con isto péchase todo intento serio de voltar a replantexar a cuestión, quedando como solución definitiva, a pesares dalgúns brotes que de xeito esporádico xurdirán a finais da centuria.

O terceiro e derradeiro período desta fase caracterízase porque no mesmo ano de 1748, comeza a producirse o distanciamento dos eventuais aliados, posto que unha vez acadados os obxectivos comúns, as cidades adoitarán unha actitude de protesta ante a nova carga fiscal, cousa que era de esperar. A reacción non so provirá de Santiago, senón que se fai extensiva a outras cidades que se mantiveron ó marxe da pugna, como sería o caso de Ourense (o que podería explicala súa anterior postura). O concello compostelán protestará, pois contaba con que os gastos foran cubertos cos bens dos irmáns Quincoces, ante o cal o Arcebispo pregaralle que abandonen a súa

(16) O Conde de Itre, Capital Xeral do Reino e Presidente do Real Acuerdo nos anos centrais do século XVIII, é unha figura capital para comprender a ideoloxía dos máis destacados funcionarios borbónicos; este personaxe merecería un detido estudo. A modo de exemplo, para coñecer a súa participación nas compañías privilexiadas da época vid.: EIRAS ROEL, A.—La burguesía mercantil compostelana a mediados del siglo XVIII: Mentalidad tradicional e inmovilismo económico. En, *La Historia Social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Santiago, 1981, p. 543.

(17) Tra-la morte no ano 1745 do arcebispo Don Manuel Isidro Orozco, escomenza un período no que a sede compostelana estará vacante, resolvéndose ó ano seguinte ca elección de Don Caietano Xil Taboada, bispo de Lugo (LOPEZ FERREIRO, A.—*Historia de S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1904, Tomo XI).

(18) O Arcebispo de Santiago xa manifestara no 1745 que algúns membros da Real Audiencia, co pretexto de gañar o Xubileo, viñeran a inspeccionar certos terreiros onde fora posible edificar as novas casas. O axente eclesiástico Don Francisco Berzú, chegou a sobornar ó Receptor que levaba a causa na Corte, quen gustoso deíxose «regalar»; a cambio informoulle de que o expediente estaba manecado por fallar a representación da cidade de Santiago, o cal non favorecía en nada os intereses do arcebispo (A.H.D.S.; S.P., N.º 488, pezas I-II, s. f.).



O Edificio Arquivo en Betanzos

postura, posto que puña en perigo a decisión tomada (19).

## O PROBLEMA DO ARQUIVO

Na segunda fase o protagonismo de Betanzos quedará relegado nun contexto de alta política, ó que non podía ter acceso, mais por elo non deixou de manter as súas propias aspiracións, adaptándoas á realidade que se establecera; ante a imposibilidade de aspirar á sede da Real Audiencia de Galicia, centrará os seus esforzos en acadar ser depositaria do Arquivo do Reino. Esta pretensión foi exposta ó emprendedor monarca Carlos III no ano 1761, quen tras consultar cos seus conselleiros, decretou dous anos despois a construción dun local digno que acollera a documentación do Reino; os gastos haberían de ser costeados cun imposto que gravaba a fanega de sal, nun produto de primeira necesidade para a nacente industria (salazoneira). Neste caso a proposta partíu do Capitán Xeral e Presidente da Audiencia, Marqués de Croix, quen pretendía que o novo edificio ficara nunha cidade de realento perto da sede da Audiencia (20).

Os traballos seguiron un ritmo lento ata que no ano 1775, o Deputado do Reino de Galicia, Marqués de Bosqueflorido, expón ó monarca que as obras estaban totalmente rematadas. Ese mesmo ano volta á palestra de novo o tema do traslado da Real Audiencia, tendo outra vez como obxectivo a cidade do apóstolo. Ante este brote o Arcebispo enviará outra representación á Corte, expoñendo as tradicionais razóns que avalaban a permanencia na urbe herculina; nembargantes nun principio non rexeita a posibilidade de ser sede do arquivo, mais alegará que por ser unha urbe moi próspera sempre estará exposta ó ataque e saqueo dos inimigos, pódose en perigo a documentación. Ante o xiro que estaba tomando a situación, A Coruña escomezou tamén a presionar, de xeito que se impediu o depósito da documentación, alegándose excesiva humidade, perigo de invasión, lonxanía da Real Audiencia, etc. Deste xeito, o Rei ordenou, por una Real Cédula de 22 de outubro de 1775, que o disputado arquivo ficase para sempre na cidade coruñesa; o que veu supoñer unha nova e definitiva derrota dos intereses brigantinos.

Un derradeiro intento, descoñecido por falla de documentación, ten lugar no ano de 1794: ante o perigo de traslado da Real Audiencia, as institucións interesadas na permanencia voltarán a defender os seus intereses na Corte. Ignóranse os pormenores, mais o feito é que conqueriron manter a situación xa establecida.

## UNHA ANÁLISE INTERPRETATIVA DOS ACONTECEMENTOS

A primeira parte presenta un dobre carácter: político e fiscal, buscándose tantear as capitais de provincia para coñecer a opinión de cada unha sobre as posibles solucións ó problema económico; o que no fondo deixaba traslucir un grave conflito de orden político. Aínda sen ningún tipo de presión xa se van decantando as posturas das urbes galegas, en coherencia cos seus propios intereses, de xeito que tódalas cidades señoriais rexeitarán sistemáticamente a candidatura para ser sede da mais poderosa institución con que o poder real conta no seo do Reino de Galicia; isto supuña unha gravísima ameaza para as súas prerrogativas xudiciais e políticas, posto que a Real Audiencia posuía unhas atribucións que poderían anular as detentadas polos respectivos señores, e aínda as dos concellos que deles emanan (21). Dentro deste grupo a máis directamente ameazada

(19) O prelado compostelán nunha carta datada no 1748, recomenda ó Concello de Santiago que se absteña de elevar ningunha protesta «... así para el bien de todo el Reino, como para la conservación de los derechos de mi Dignidad, y que se eviten disensiones, litigios y diferencias que precisamente se habrían de seguir de la mudanza... (de opinión)». (*Ibidem*, peza III, s. f.).

(20) Un resumo sobre o problema do arquivo pode verse en: BRAIS DA BOUZA. — Betanzos—. En, *Gran Enciclopedia Gallega*, T. III, p. 230.

(21) Santiago de Compostela era de señorío do seu Arcebispo; Mondoñedo igualmente do seu Bispo, como Lugo e Tui, mentres que Ourense tiña un correxidor real, aínda que electo ca participación do bispo auriense.

será a cidade de Santiago, sendo o punto de mira das aspiracións dos Alcaldes Maiores, posto que era a residencia do seu mais directo e poderoso nemigo político, e dos seus principais representantes xurisdiccionais (22). A postura do concello compostelán, coaligándose dun xeito «antinatural» ca Diñidade Arcebispal, mais sobre todo o feito de que os rexidores de orixe real non defendan os intereses da Monarquía, é consecuencia de que a fidalguía se resistise a perde-las parcelas de poder que controla directamente, tal como era a municipal, aínda dentro dun estado que se pretende absoluto.

A cidade da Coruña será tamén partidaria da continuidade, defendendo a súa propia candidatura, posto que a Real Audiencia non so supón unha importantísima fonte de riqueza ó traveso dos miles de pleitos que nela se litigan cada ano, senón tamén de prestixio que traspasa as fronteiras do Reino. O caso de Betanzos resulta moi significativo, posto que se trata dunha modesta cidade de realengo, excepcionalmente dotada no orde económico e aínda xeográfico, á cal a presenza da Real Audiencia beneficiaría en sumo grado, sin que elo chege a supoñer unha alteración no orden xurisdiccional vixente, posto que ó igual que Ferrol-A Graña, rexíanse por correxidores de desinación real; significaría, ó sumo, unha posibilidade de crecer e de expandirse, nembargantes a presión de cidades interesadas tan poderosas como Santiago e A Coruña, foi demasiado grande e insistente como para que a candidatura brigantina fora tida en conta.

A segunda gran fase do século XVIII, caracterízase por unha agudización das posturas mantidas en épocas anteriores, unha clarísima bipolarización dos bloques enfrentados, co que consecuentemente a participación do poder concellil pasa a un moi segundo plano, e por unha centralización do contencioso nas mais altas esferas decisorias do Estado, impoñéndose unha modalidade de loita diplomática, que se complementa ca orientación marcadamente política da fase precedente.

A Real Audiencia de Galicia, como tódolos organismos do Antigo Réxime delegados dun poder superior, pretenderá ante todo defender os seus propios intereses, de xeito que, por unha banda, desexa incrementar o seu poderío anulando ó seo mais directo rival dentro da gran demarcación administrativa que era o Reino de Galicia, con todo elo busca aumentar a súa autonomía como institución, e para conquistar ese obxectivo escudarase na condición de máximo representante da Coroa nestas terras.

Ante esta situación producirase unha contradicción entre a súa postura e os intereses políticos da Monarquía española, quen sistemáticamente inclinarase cara ós intereses da Diñidade Arcebispal, de xeito que sacrificará as súas aspiracións absolutistas en aras da defensa dos grandes poderes señoriais que sustentan ó réximen, e cuos representantes dominan os tradicionais órganos rectores do Estado Borbónico; ademais, o proxecto dunha administración política de base funcional que pretende impoñer a nova dinastía, resulta ineficaz para conquistar que os grandes privilexiados asuman a nova modalidade de defensa dos intereses da clase dominante que supón o absolutismo, seguindo apegados ó orden tradicional, onde o poder político é exercido por eles dun xeito mais directo (23).

O poder arcebispal non variará a súa incondicional postura, a cal se verá na obriga de reforzar ante a tenaz ofensiva desatada polos membros da Real Audiencia, que xa se auguraba como definitiva. Aínda que aglutinará ó seu derredor ós poderes municipais das principais cidades implicadas, o peso específico de éstas nun contexto de alta política vai ser moi reducido, de aí que seus intereses chegen a ter unha importancia secundaria. A gravidade que alcanza a situación obriga a solventar a disputa dentro das grandes institucións políticas e xudiciais da Monarquía, concretamente nas polisímodais, compostas polos representantes da alta nobreza da nación ou da súa clientela (24), quen consecuentemente defenderán os intereses do seu propio grupo social, aínda ante as pretensións da Coroa, da cal nunha derradeira instancia son membros rectores; ademais tentarase de conquistar o apoio dos poderes fácticos do momento, como pode ser a sempre omnipresente Suprema do Santo Oficio (25).

A postura dos organismos que xurdiron no absolutismo borbónico, mais concretamente a Secretaría de Estado, favorecendo ós intereses señoriais, é produto dunha liña de actuación política que desexa evitar a toda costa que se produza unha fisura interna no xa de por sí complexo sistema, conservando o ordeamento de alianzas que serve de pilar a un réxime que aspira a desenrolar un esquema político baseado nos presupostos absolutistas, mais que mantén unha organización económica e social moi concreta e común a todo-los niveis de poder.

(22) O señorío do Arcebispo de Santiago extendíase polo 56'6% do territorio da provincia homónima, e do mesmo xeito, durante o século XVIII integraba aproximadamente o 64% da poboación da mesma. Para ter unha idea pódese dicir que a cidade de Santiago pasou de escomenzos a finais da centuria de 12.000 habitantes, de xeito que só a poboación da capital pon de relevo o poderío do prelado compostelano (MARTINEZ RODRIGUEZ, E.— «Santiago»..., *opus cit.*, p. 40).

(23) Sobre estas reflexións vid.: ANDERSON, P.— *El estado absolutista*. Madrid, Siglo XXI, 1979.

(24) No referente ós membros do Consello de Castela, pódese consultar os traballos de J. FAYARD, especialmente: *Los miembros del Consejo de Castilla (1621-1746)*. Madrid, Siglo XXI, 1982, pp. 169-318.

(25) HERR, R.— *España y la revolución del siglo XVIII*. Madrid, Aguilar, 1973.